

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FESTAS VIMIANZO 2026 Á ASOCIACIÓN FESTAS DE VIMIANZO 2023

EXP. 2026/A004/000009

Visto o expediente tramitado a proposta da Alcaldía para a aprobación do convenio de colaboración para facer efectiva a concesión directa de subvención nominativa á Asociación Festas de Vimianzo 2023 para as Festas de Vimianzo 2026.

Vista a proposta de convenio elaborado pola técnica de cultura.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en data 27/07/2026, en sentido favorable.

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito por importe de 15.000€ na aplicación orzamentaria 338.482.05, referencia 22026000028

Visto o informe xurídico emitido pola secretaria municipal en data 27/07/2026 en sentido favorable.

Vista a solicitude presentada o día 30 de xullo pola Asociación Festas de Vimianzo para o abono do 60% da contía total da axuda, segundo o establecido na cláusula quinta do convenio de colaboración.

Visto informe da técnica cultura con data 27/07/2026, polo que se comproba que a entidade se atopa ao corrente coas obrigas tributarias coa Facenda Pública e coa Seguridade Social.

Visto informe de tesouraría do concello de Vimianzo con data 30 /07/2026 , polo que se comproba que a entidade se atopa ao corrente coas obrigas co concello.

Visto canto antecede e tendo en conta o previsto no art. 21,1,S de LBRL., esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Autorizar o gasto por importe total de quince mil euros (15.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 338.482,05, segundo se establece na cláusula segunda do convenio; e recoñecer a obriga e realizar o pago na porcentaxe do 60% da contía total indicada en concepto de pago anticipado, de conformidade co establecido na cláusula quinta do convenio.

A porcentaxe do 40 % restante, aboarase, logo de que se efectúe a debida xustificación por parte da entidade.

SEGUNDO.- A subvención concédense condicionada a facer constar na documentación, soporte impreso ou publicidade de todo tipo referente ás actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan coa financiamento do Concello de



Vimianzo.

TERCEIRO.- Indicarlle á entidade beneficiaria desta subvención que para o pagamento das axudas deberán dar cumprimento ao sinalado na cláusula sexta do convenio.

CUARTO.- Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario do concello de Vimianzo dou fe.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario
Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)